

Expediente núm.: 1842/2021

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** ORDE do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2021

**Obra/servizo subvencionado:** Obradoiro Dual de Emprego "Terras de Aguiar"

**Categoría profesional:** Administrativo/a

### RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

**ASUNTO:** Aprobación da lista definitiva de aspirantes que superaron o proceso de selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Obradoiro Dual de Emprego "Terras de Aguiar", na categoría profesional de (1) Administrativo/a.

Visto o expediente tramitado para a Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de (1) administrativo/a para a obra / servizo "Obradoiro Dual de Emprego Terras de Aguiar", cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria realizada o día 17 de setembro de 2021, e posteriormente publicadas, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 23 de setembro de 2021, e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte.

Vista a proposta do Tribunal cualificador das probas e de acordo coa orde de puntuación obtida no referido proceso selectivo.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, que superaron as probas selectivas do proceso de selección de persoal laboral temporal de (1) administrativo/a para a obra / servizo "Obradoiro Dual de Emprego Terras de Aguiar", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.

Lista de aspirantes por orde de puntuación obtida:

Nº de orde	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Quintana Espinosa Noelia	923	7,50

**Segunda.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)).

**Terceira.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de



Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Cuarta.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O alcalde,  
Luis Menor Pérez

O secretario – interventor,  
José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

**RESOLUCIONS DE ALCALDIA**  
Número: 2021-0653 Data: 14/10/2021



Cod. Validación: A4Z3M9CNHKKH9GPAMY5L4G725 | Corrección: <https://concelloperero.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 de 2